

MISIÓN

- I. Dispor de **ferramentas de seguimento e valoración** do nivel de cumprimento dos servizos.
- II. **Identificar procesos e servizos.**
- III. **Mellorar as canles de comunicación coa cidadanía.**
- IV. **Innovar e mellorar**

NORMATIVA REGULADORA

- A *Lei 38/2003*, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A *Lei 9/2007*, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- *Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Lei 30/1992*, do 2 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, modificada pola *Lei 4/1999*, do 13 de xaneiro.

RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS

Os usuarios poderán formular as súas suxestións ou queixas de forma presencial, por correo postal e medios telemáticos.

A súa presentación poderá realizarse por calquera dos medios previstos na Lei 30/92 ou na caixa de correo habilitada a tal efecto nas dependencias da Área de Promoción Económica e Social

LOCALIZACIÓN E CONTACTO


Área de Promoción Económica e Social,
Departamento Ben Empregado

Dirección: Rúa San Marcos, 8, 27001 Lugo

Teléfonos: 982 260 227 - 982 260 085

Horario de atención ao cidadán: luns a venres: 9:00 a 14:00 (presencial e electrónica)

Dirección web: www.deputacionlugo.gal



SERVIZO DE INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES



DEPUTACIÓN DE LUGO

SERVIZO DE INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES

Servizo prestado	Compromiso	Indicadores
Información sobre axudas, subvencións e servizos prestados	Elaborar unha base de datos sobre axudas subvencións e servizos de todos os sectores que será actualizada periodicamente. O noso obxectivo é que as empresas, entidades e autónomos lucenses teñan a máxima información posible para que a súa toma de decisións sexa axeitada.	<ul style="list-style-type: none"> • Número de beneficiarios que obteña réditos deste servizo. • Avaliación positiva deste por parte dos usuarios.
Elaboración dun Boletín Informativo	Crear un Boletín Informativo dirixido ás empresas (vía enderezo electrónico), entidades e autónomos beneficiarias que o soliciten. No Boletín figurarán as principais axudas e subvencións enfocadas ao sector ao cal se dediquen as entidades.	<ul style="list-style-type: none"> • Número de usuario subscritos ao boletín. • Avaliación positiva deste por parte dos usuarios.
Informar a todas as entidades beneficiarias sobre a Lei de Protección de Datos (LOPD)	Informar sobre esta lei, obrigatoria para todas as entidades que manexen información de carácter privado, por medio de diferentes formas: realización de xornadas informativas, cursos ou talleres impartidos por expertos na Lei (nos locais da Deputación ou dos concellos que demanden este servizo) e envío de resumos sobre os aspectos máis relevantes da LOPD no Boletín Informativo do Ben Empregado.	<ul style="list-style-type: none"> • Número de participantes nas xornadas. • Percepción da utilidade do servizo.
Informar a todas as entidades beneficiarias sobre a Lei de Servizos da Sociedade da Información e Comercio (LSSICE)	Concienciar sobre a importancia da mesma. Todas as empresas que vendan ou desexen vender os seus produtos <i>online</i> deben consultala. Informar sobre a mesma de diferentes maneiras: realización de xornadas informativas, cursos ou talleres impartidos por expertos nesta Lei (nos locais da Deputación ou dos concellos que demanden este servizo) e envío de resumos sobre os aspectos máis relevantes da LSSICE no Boletín Informativo do Ben Empregado.	<ul style="list-style-type: none"> • Número de participantes nas xornadas. • Percepción da utilidade do servizo.
Explicación de aspectos do Estatuto dos traballadores autónomos (vixente ata o 1 de xaneiro do 2017)	Describir os aspectos fundamentais deste documento.	<ul style="list-style-type: none"> • Número de participantes nas xornadas. • Percepción da utilidade do servizo.